

Número 17- Ano-2024

ACTA

da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

17 de decembro de 2024

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás nove horas e dez minutos do día dezasete de decembro de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGU VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenente de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8045924555378143286.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17-12-2024

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 12 de decembro de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

A) PARTE RESOLUTIVA

FACENDA LOCAL

1/205 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 107, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.

2/206 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 109, REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.

3/207 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 201, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.

4/208 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.

ACTAS E GOBERNO

5/209 PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CAMBIO DE DÍA DO PLENO ORDINARIO DO 26 DE DECEMBRO DE 2024 PARA O 30 DE DECEMBRO DE 2024.

Aberto o acto a alcaldesa presidenta sinala: Ben, pois benvidos, a todos e a todas, especialmente aos veciños que hoxe nos acompañan neste Pleno extraordinario. Por suposto, sempre sodes benvidos a este salón de plenos, sobre todo para ter unha información veraz do que se fala e do que se debate. Por lo tanto, como digo, estamos encantados de que esteades aquí, porque o mellor sitio para ter unha información veraz do que se leva a Pleno é vir ao propio Pleno.

Seguidamente, e da súa orde, éntrase no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

A) PARTE RESOLUTIVA

FACENDA LOCAL

1/205 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 107, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos:

1. PROPOSTA DA EXCMA. SRA. ALCALDESA, en suplencia do tenente de alcaldesa delegado da área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 5 de decembro de 2024, do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.-O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 26/09/2024, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 107 Reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

Durante o prazo de exposición ao público e de presentación de reclamacións, presentáronse as reclamacións ás que se fai referencia na certificación expedida pola Secretaria Xeral do Pleno deste Concello na data de 19 de novembro do 2024.

SEGUNDO .- Visto o informe de Facenda Local de data 29 de novembro de 2024, que se transcribe a continuación **“ ANTECEDENTES:**

PRIMEIRO.- O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 26/09/2024, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 107 reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

En concreto, aprobouse a modificación inicial do artigo 5 da devandita ordenanza fiscal “TARIFAS”, incrementándose as tarifas da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais nun 25%.

SEGUNDO.- De conformidade co previsto no artigo 17.3 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e unha vez transcorrido o prazo de exposición pública do acordo plenario de aprobación inicial da modificación publicado no diario “EL PROGRESO” con data do 1 de outubro de 2024, no diario “LA VOZ DE GALICIA” con data do 1 de outubro de 2024 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 228 con data do 1 de outubro de 2024, así como no Taboleiro de Anuncios dende o 2 de outubro ata o 14 de novembro de 2024, ambos inclusive, e dentro do antedito período, presentáronse as reclamacións ás que se fai referencia na certificación expedida pola Secretaria Xeral do Pleno deste Concello o 19 de novembro de 2024.

TERCEIRO.- Na data de 11/11/2024 (RE 202499900023185) os concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR presentan reclamacións a devandita modificación:

Facendo referencia ao informe sobre a aprobación da conta xeral do exercicio 2023 de data 9/09/2024 emitido polo Interventor Municipal, do que se deduce un desequilibrio entre ingresos e gastos, solicitan que en lugar de incrementar as taxas e impostos municipais previstas nas ordenanzas municipais, se estableza un plan de contención de gastos que, prescindindo daqueles superfluos, permita a balanza de gastos e ingresos municipais, sen ter que incrementar a presión fiscal que xa están a soportar os lucenses.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O artigo 142 da Constitución Española, recolle o principio de suficiencia financeira das Facendas Locais, que determina que se nutrirán fundamentalmente de tributos propios. Así mesmo, o artigo 133.2 recoñece ás corporacións locais a capacidade para establecer e esixir tributos, que limita ao establecido na propia Constitución e nas leis. Estes principios constitucionais están trasladados á lexislación ordinaria na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 4.1.b), que recoñece aos municipios a potestade tributaria, e artigos 105 a 111, e respecto as taxas principalmente nos artigos 6 a 27 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL).

Polo que se confire ás taxas, o seu artigo 2.1.b) do TRLRHL outórgalles natureza tributaria, de maneira que a súa imposición, ordenación e modificación deberá levarse a cabo, de acordo co procedemento establecido nos artigos 15 a 19 da mesma norma.

SEGUNDO.- De acordo co artigo 17.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñeranse no taboleiro de anuncios da Entidade durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Nos parágrafos primeiro e segundo do artigo 93 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, establécese que no caso de que se presentaran reclamacións ou suxestións, a Xunta de Goberno procederá a valoralas e decidirá se, como consecuencia da devandita valoración, modifica ou mantén o texto inicial.

Tanto se se modifica o texto inicial como se se mantén, a Xunta de Goberno remitiralle á Secretaría Xeral do Pleno o proxecto, xunto cunha memoria que conteña a valoración das suxestións e alegacións, para os efectos do trámite de aprobación definitiva polo Pleno, tras o ditame previo da comisión competente.

TERCEIRO.- *No artigo 25 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese que os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daqueles, respectivamente. O devandito informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo.*

O artigo 24.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, prescribe que o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, na súa falta, do valor da prestación recibida.

Vistos os datos anteriores conclúese que:

1) Consta no expediente de modificación da ordenanza fiscal número 107 reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais informe técnico- económico elaborado ao amparo do artigo 24.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Segundo consta no devandito informe técnico- económico, a proposta de incrementar as tarifas da taxa nun 25% cumpre as previsións do artigo 24.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que prescribe que o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, na súa falta, do valor da prestación recibida.

2) Advírtese así mesmo, no devandito informe que de acordo co artigo 17 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral do auga, as administracións públicas titulares de infraestruturas e as administracións públicas

responsables dos servizos relacionados coa xestión do ciclo integral da auga deben traballar, para a consecución de entre outros obxectivos, na de conseguir unha viabilidade económica – financeira na xestión integral da auga.

O artigo 19 da mesma normativa, establece que en toda a xestión do ciclo integral da auga, as administracións públicas responsables dos servizos velarán polo cumprimento dos principios de sustentabilidade e viabilidade económica dos servizos e de recuperación dos custos, en concordancia co disposto na Directiva 2000/60/CE, Directiva marco da auga.

*Polo que se **INFORMA** que a modificación do artigo 5 “Tarifas” axústase as prescricións legais, e tende ao cumprimento dos principios de sustentabilidade e viabilidade económica establecidos nos artigos 17 a 19 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.”*

Ao amparo do establecido no artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 93.1 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, someteuse á Xunta de Goberno Local a valoración da reclamación efectuada na data 11/11/2024 (RE 202499900023185) á que se fai referencia na certificación expedida pola Secretaria Xeral de Pleno deste Concello o 19 de novembro de 2024.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 4 de decembro de 2024, acordou:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR a reclamación formulada polos concelleiros asintantes, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR GRUPO MUNICIPAL POPULAR en relación á modificación do artigo 5 Tarifas da ordenanza fiscal núm. 107 Reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

SEGUNDO.- MANTER a redacción da aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal núm. 107 Reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

TERCEIRO.- Elevar o presente expediente á consideración do Excmo. Concello Pleno.

En consecuencia, propónse ao Excmo. Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR a reclamación formulada polos concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez, en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR GRUPO MUNICIPAL POPULAR, en relación á modificación do artigo 5 Tarifas da ordenanza fiscal núm. 107 Reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

SEGUNDO.- MANTER a redacción da aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal núm. 107 Reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

TERCEIRO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE a modificación da Ordenanza fiscal núm. 107 Reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 107 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

1) Modifícase o artigo 5ª Tarifas, que queda redactado como segue:

ARTIGO 5º. TARIFAS

Establécense as seguintes tarifas:

TARIFA A.- COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen a rede de sumidoiros e de saneamento e depuración de augas residuais.

As cotas establecidas no presente epígrafe terán carácter fixo, liquidándose en períodos trimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Cota de aboamento ó servizo, por usuario, ó trimestre:

a) Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo doméstico:	6,56 €
b) Inmobles ou actividades con servizo domiciliario de auga potable para o consumo non doméstico:	19,69 €

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8045924555378143286.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17-12-2024

TARIFA B.- CONSUMO (servizos a que se refire o artigo 4-a da ordenanza).

Seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Epígrafe a) Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais (Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo doméstico):

- De 0 a 10 m ³ :	0,158 €/m ³
- Exceso de 10 a 30 m ³ :	0,158 €/m ³
- Exceso de 30 a 60 m ³ :	0,341 €/m ³
- Exceso de 60 a 100 m ³ :	0,499 €/m ³
- Exceso de 100 m ³ :	0,656 €/m ³

Nas comunidades de veciños con contador xeral, a cota tributaria a esixir pola prestación do servizo determinarase dividindo o consumo total polo número de vivendas e/ou locais para obter o consumo medio por veciño en metros cúbicos. Sobre o dito consumo medio aplicarase a liquidación por tramos contida nesta tarifa e o resultado multiplicarase polo número de vivendas e/ou locais da comunidade, facturándose nun único recibo a nome desta.

Epígrafe b) Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais (Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo non doméstico):

- De 0 a 75 m ³ :	0,158 €/m ³
- Exceso de 75 a 150 m ³ :	0,394 €/m ³
- Exceso de 150 a 300 m ³ :	0,53 €/m ³
- Exceso de 300 m ³ :	0,5644 €/m ³

Para os establecementos en que a auga non constituía primeira materia ou elemento esencial e imprescindible, conforme ó previsto no artigo 4-tarifa B, epígrafe b) da Ordenanza fiscal núm. 109, os tipos de gravame serán os que corresponden a consumo doméstico.

TARIFA C.- Polo servizo da rede de sumidoiros municipal e de saneamento e depuración de augas residuais, no caso do artigo 4-b da ordenanza:

Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, uso doméstico, ó trimestre:	12,57 €
Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, uso non doméstico, ó trimestre:	31,47 €

TARIFA D.- Taxas pola expedición de licenzas para acometida ou conexións á rede de sumidoiros, saneamento e de depuración de augas residuais municipal:

Por cada acometida á rede xeral, e que hai que satisfacer por unha soa vez:

En edificios cunha vivenda ou local:	123,47 €
En edificios de 2 a 10 vivendas ou locais por vivenda ou local:	61,77 €
Con máis de 10 vivendas, por vivenda ou local:	47,02 €

Non obstante, en caso de derribamento e nova edificación, aboaranse de novo os dereitos de entroncamento á rede.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo definitivo, que é firme na vía administrativa, ao abeiro do establecido no artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, poderá, de ser o caso, interpoñerse unicamente recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza) no prazo de dous meses contados a partir da dita publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 19.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 11 de decembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- **DESESTIMAR** a reclamación formulada polos concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Mendez, en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR GRUPO MUNICIPAL POPULAR, en relación á modificación do artigo 5 Tarifas da ordenanza fiscal núm. 107 Reguladora da taxa pola

prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

SEGUNDO.- **MANTER** a redacción da aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal núm. 107 Reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

TERCEIRO.- **APROBAR DEFINITIVAMENTE** a modificación da Ordenanza fiscal núm. 107 Reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 107 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

2) **Modifícase o artigo 5ª Tarifas, que queda redactado como segue:**

ARTIGO 5º. TARIFAS

Establécense as seguintes tarifas:

TARIFA A.- COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen a rede de sumidoiros e de saneamento e depuración de augas residuais.

As cotas establecidas no presente epígrafe terán carácter fixo, liquidándose en períodos trimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Cota de aboamento ó servizo, por usuario, ó trimestre:

a) Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo doméstico:	6,56 €
b) Inmobles ou actividades con servizo domiciliario de auga potable para o consumo non doméstico:	19,69 €

TARIFA B.- CONSUMO (servizos a que se refire o artigo 4-a da ordenanza).

Seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Epígrafe a) Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais (Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo doméstico):

- De 0 a 10 m ³ :	0,158 €/m ³
- Exceso de 10 a 30 m ³ :	0,158 €/m ³
- Exceso de 30 a 60 m ³ :	0,341 €/m ³
- Exceso de 60 a 100 m ³ :	0,499 €/m ³
- Exceso de 100 m ³ :	0,656 €/m ³

Nas comunidades de veciños con contador xeral, a cota tributaria a esixir pola prestación do servizo determinarase dividindo o consumo total polo número de vivendas e/ou locais para obter o consumo medio por veciño en metros cúbicos. Sobre o dito consumo medio aplicarase a liquidación por tramos contida nesta tarifa e o resultado multiplicarase polo número de vivendas e/ou locais da comunidade, facturándose nun único recibo a nome desta.

Epígrafe b) Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais (Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo non doméstico):

- De 0 a 75 m ³ :	0,158 €/m ³
- Exceso de 75 a 150 m ³ :	0,394 €/m ³
- Exceso de 150 a 300 m ³ :	0,53 €/m ³
- Exceso de 300 m ³ :	0,5644 €/m ³

Para os establecementos en que a auga non constitúa primeira materia ou elemento esencial e imprescindible, conforme ó previsto no artigo 4-tarifa B, epígrafe b) da Ordenanza fiscal núm. 109, os tipos de gravame serán os que corresponden a consumo doméstico.

TARIFA C.- Polo servizo da rede de sumidórios municipal e de saneamento e depuración de augas residuais, no caso do artigo 4-b da ordenanza:

Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, uso doméstico, ó trimestre:	12,57 €
Sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, uso non doméstico, ó trimestre:	31,47 €

TARIFA D.- Taxas pola expedición de licenzas para acometida ou conexións á rede de sumidoiros, saneamento e de depuración de augas residuais municipal:

Por cada acometida á rede xeral, e que hai que satisfacer por unha soa vez:

En edificios cunha vivenda ou local:	123,47 €
En edificios de 2 a 10 vivendas ou locais por vivenda ou local:	61,77 €
Con máis de 10 vivendas, por vivenda ou local:	47,02 €

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8045924555378143286.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17-12-2024

Non obstante, en caso de derribamento e nova edificación, aboaranse de novo os dereitos de entroncamento á rede.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo definitivo, que é firme na vía administrativa, ao abeiro do establecido no artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, poderá, de ser o caso, interpoñerse unicamente recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza) no prazo de dous meses contados a partir da dita publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

DELIBERACIÓN

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas. Polo goberno ten a palabra o concelleiro Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Buenos días. Gracias alcaldesa. Traemos a este Pleno para ser aprobadas de forma definitiva las ordenanzas fiscales números 107, 109, 201 y 203. Luego de su exposición pública, estos 30 días hábiles correspondientes, y presentando las alegaciones por parte de la ciudadanía, todas ellas desestimadas e inadmitidas por diversas cuestiones, que han sido estudiadas por los técnicos municipales y elevadas a la Junta de Gobierno Local y traemos a este Pleno para su aprobación definitiva dichas ordenanzas fiscales.

La ordenanza 107 y 109, ordenanza reguladora de las tasas del servicio de suministro de agua potable y prestación de la red de sumideros, saneamiento y depuración de aguas residuales, ambas presentaban una única modificación: su ajuste al IPC de estos dos últimos doce años, que llevaban sin actualizar y repercutiendo en un 25% esa actualización del IPC, que es por debajo de lo que correspondería a esos 12 años. En este punto debemos recordar que el marco legal es muy exigente en cuanto a las tarifas de suministro del ciclo integral del agua, un marco legal también a nivel europeo que exige que se cobre por los suministros y por el gasto total de él. Un reto que resulta imperativo asumir, pero que queremos gestionar con moderación para que ese aumento no implique un desequilibrio en las economías de las familias. Los vecinos son conscientes de este aumento y de todos los precios y de los suministros, por supuesto. Por lo tanto, se trata de una circunstancia que el Ayuntamiento no puede ser ajena, después de muchos años

que el Ayuntamiento venía asumiéndolo en solitario. De hecho, ningún vecino ha presentado alegaciones a estas dos ordenanzas, la de aguas y la de saneamiento; sólo el Partido Popular ha presentado, alegaciones, y, por supuesto, reclamando que no se suban esas tasas. Decir también que se ha realizado un estudio económico conforme a la ley, y es la propia Ley de Aguas la que dice que la normativa en la gestión del ciclo del agua velará por la sustentabilidad y la viabilidad económica del servicio. La subida, entonces, estamos frente a una subida conforme al IPC, y además va por debajo de ese IPC de esos 12 años, en los cuales no se habían actualizado estas tasas. Todo esto avalado por la Ley de Haciendas Locales. Por supuesto, el PP plantea que en vez de subir ingresos se reduzcan los gastos, cuestión que ya en eso estamos. Estamos en una contención del gasto, en un plan de contención del gasto propuesto por nuestra alcaldesa.

Está claro que debe haber una ley en Mondoñedo y otra para el resto de España, porque no entendemos esta alegación cuando está dentro del margen de la ley y, por supuesto, de las recomendaciones y obligaciones de Europa en el ciclo integral del agua. Las administraciones públicas tienen que tender al equilibrio de servicios, más los propios vecinos entienden este equilibrio, y, por tanto, no han presentado ninguna alegación.

Este gobierno apuesta por mejorar los servicios y por unos servicios de calidad. Como decíamos, cumplimos con la Ley de Haciendas Locales, nos ajustamos a las prescripciones legales.

En relación a la ordenanza fiscal 201, de la plusvalía, que es la ordenanza reguladora del impuesto sobre el incremento de valor de los terrenos de naturaleza urbana, primero explicar que esto es una cuestión que afecta a toda la ciudad, que experimenta una actualización del coeficiente de aplicación y la mayor parte de ellas van a la baja, estableciendo un refundido de la Ley reguladora de haciendas locales para adecuarse a los cambios normativos. La ley dice claramente que se pueden modificar esos coeficientes y hemos actualizado ese decreto del año 2003, sólo hemos actualizado dichos coeficientes y, en su gran mayoría, esa actualización ha arrojado que en muchos casos, ocho en concreto, van a la baja. Es una actualización obligatoria, y la mayoría de los coeficientes bajan. Es una modificación de tipos de gravamen, que se encuentra regulada en el artículo 14 y que no se modifican. Nuevamente no saben ni lo que alegan, Sra. Candia, en este caso. Primero, desconocen que el procedimiento de la recalificación del suelo y la actualización del Plan general no lo realiza el Ayuntamiento de Lugo, sino Catastro, este procedimiento lo realiza Catastro. Los terrenos que asumen la condición de urbanos pasan a pagar esa plusvalía, pero son los terrenos de toda la ciudad, quien recalifica el suelo es Catastro, y esas alegaciones deberían de realizarlas en Catastro, que es quien tiene la potestad y las competencias y la capacidad de calificar esos terrenos. Lo más llamativo es que los propios técnicos se llevan las manos a la cabeza con la propuesta de bonificación y excepción por la exención pretendida, tal como está formulada, y no se ajusta a la legalidad, ya ni admiten esa alegación. Y para rematar, aparecen las bonificaciones fiscales, donde también los técnicos municipales son muy tajantes explicando que el Ayuntamiento de Lugo no

puede regular los beneficios fiscales ni puede fijar sus condiciones por ser contrario a la ley lo que ustedes proponen...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: ... Muchas gracias. Continuará na súa segunda quenda. Polo Grupo Municipal Popular, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moi bo día a todos e todas, especialmente aos veciños, que nos acompañan nesta sesión plenaria.

Pois, señora alcaldesa, por suposto tamén señor Rubén Arroxó, convócanos hoxe para desestimar as alegacións que este grupo presentou para impedir que se modificaran á alza varias ordenanzas fiscais que vostedes decidiron subir. Convócanos hoxe para consolidar unha subida de impostos que o Partido Popular non apoia. Convócanos hoxe para trasladarlle aos veciños de Lugo un esforzo de 4,5 millóns de euros, e falta por saber que van decidir coa taxa do lixo, nun contexto que nada sabemos dos orzamentos do ano 2025, nin tampouco dan a cara no Debate do estado da cidade.

Gobernar é decidir, e vostedes hoxe decidiron subir impostos, como antes decidiron obras como o carril bici, que aínda hai dous meses lle custou aos lucenses 116.000 euros máis; ou como para fomentar a construción da madeira, en vez de apostar por un plan de rehabilitación na Milagrosa, decidiron construír un edificio sen uso aínda a día de hoxe no barrio da Garaballa; ou decidiron construír unhas caldas esquecéndose que non tiñan o máis importante, que era auga minero-medicinal, que apenas ten afluencia de xente, ben agora están pechadas porque nin a lexionela foron capaces de controlar, e que lle supón unha hipoteca ao Concello e as arcas municipais de máis de 400.000 euros ao ano; ou decidiron comprar unha estrutura para unha praia fluvial, que aínda hoxe non é unha realidade, que está amontoada nunha nave no Corgo pagando o correspondente aluguer por 1.500 euros ao mes máis ou menos. Como decidiron levantar todo centro á vez contándonos moitas mentiras, primeiro, dicindo que eran fondos europeos e que non ía supoñer un só euro ás arcas municipais, hoxe xa sabemos que pasa precisamente en torno aos catro millóns e medio que están pedindo de esforzo aos lucenses, e iso sen contar o que vai supoñer reparar todas as rúas que agora estragaron. Todas as medidas para declarar zona de baixas emisións, que estou convencida, que xa o era, pero empeñáronse en dicirlle ao mundo que Lugo era unha cidade contaminada e vostedes acabaron créndose as súas propias mentiras. Vostedes, que gobernan, deciden non licitar os contratos e, por conseguinte, non ter un prezo competitivo no servizo dos mesmos. Dedicoulle vostede case catro minutos a falar do servizo de auga, cando unha porcentaxe importantísima da cidade está sen ese servizo. Pero é que vostedes tamén decidiron deixar caducar a concesión da Fábrica da Luz tendo que pagar unha indemnización millonaria á empresa e, por conseguinte, deciden pedir agora un esforzo para pagar todas esas festas e, nalgún caso, digo literal, seguimos, sen coñecer en detalle as contas do San Froilán cando pasan dun 1.200.000 euros. Vostedes, en definitiva, deciden e

deciden gobernar así, E, claro, honestamente, gobernando así non hai cartos que cheguen.

Moito do que dicía, moitos dos veciños no presentaron alegacións á ordenanza de augas por unha razón obvia: non teñen servizo municipal de augas. Pero precisamente aí é onde menos xustificado estea a subida, porque é indubidable que a prestación do servizo cada vez está peor, barrios da nosa cidade pasan os fins de semana enteiros sen o servizo de abastecemento, porque, por non decidir, non decidiron ter, sequera, unha cobertura correcta do servizo de reparación de fugas. Entón, efectivamente, gobernar é decidir, pero nesas decisións vostedes están sós. Sempre lles dixemos que podemos entender una subida moderada de impostos, sempre e cando se lle explica á cidadanía que todo iso que eu citei se vai a corrixir, porque non nos esquezamos, dende o ano 2019 pasaron de 52 millóns de euros en remanentes de tesourería a case 5, pechado o 2023; 17 millóns en aforro neto no ano 2021 a pechar o 2023 cun pírrico millón de euros de aforro neto; ou que nos orzamentos do ano pasado, para ter só un euro de investimento, tiveron que ir a unha operación de endebedamento de 13 millóns e medio de euros, que, por certo, non sei para a que a contrataron porque non chegaron nin ao cinco da execución do mesmo.

En definitiva, gobernando así non hai cartos que cheguen, e vostedes desoíndo, porque moito lles preocupa a lei agora para subir impostos, pero pouco lles preocuparon todas as advertencias, saco a última, que é un informe de Intervención do ano 2023, ao que fan caso omiso. Di vostede que están cun plan de contención de gasto, apláudollelo, porque é algo que lle levamos pedido de maneira reiterada, coñecerano vostedes porque, dende logo, ese plan público non é, e polos feitos tampouco se deduce... Na segunda Intervención dareille varios exemplos, especialmente na área na que vostede ten responsabilidade. En definitiva, a vostedes dinlle: non chega a manta para tapar o pé, gastan máis do que teñen, e en vez de optimizar os gastos ...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora Candia. Continuará na seguinte quenda. Segunda quenda para o señor Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Gracias, alcaldesa. En relación a la ordenanza fiscal número 203 del impuesto de bienes inmuebles, decir que desde el año 98 llevaba sen actualizar y esto afecta, por supuesto, a toda la ciudad, 26 años sin actualizar una tasa. En este caso estamos hablando de una subida de un 10% para compensar esos valores catastrales, un 10% de la parte que corresponde a la ordenanza municipal.

Y, señora Candia, evidentemente gobernar es decidir, gobernar también es respetar la ley, pero también le digo que usted cobra un salario público y debería de estar informada y como abogada que es hacer unas alegaciones, porque si leo los comentarios y las cuestiones técnicas que ponen aquí los técnicos municipales, es como para que usted por lo menos se sonroje, y yo creo que esto debería de dársele a los vecinos y ver como ha alegado partes de ordenanzas que no se ha

modificado y por eso se inadmiten, y luego pidiendo ilegalidades que no se pueden hacer por la Ley de Haciendas Locales. Por supuesto que gobernar é decidir y cumplir la ley, por supuesto, pero también le recuerdo que usted cobra de las arcas públicas y debería ser su obligación saber lo que trae este Pleno y no engañar a los vecinos. De acuerdo? Queda claro como tratan de utilizar a los vecinos, como los engaña, no explicando que no han hecho bien las alegaciones y no han hecho bien sus deberes, y, por supuesto, alegan partes de ordenanzas que non ha modificado. Han llegado a decir barbaridades a los vecinos del rural, alarmando los con las subidas del IBI de un 120%, cuando el IBI para toda la ciudad se ha subido un 10%, señora Candia, y recordarle también, como tiene responsabilidades en la Xunta, como es la delegada de la Xunta en la sombra, recordarle que también es cierto que venimos de atravesar una situación de pandemia, que el Ayuntamiento de Lugo ha estado ahí con los vecinos, que llevamos hecho un esfuerzo inversor y que no hemos parado, a pesar de eso, y ese esfuerzo económico también ha pasado factura, por supuesto, a las arcas municipales. Y todo esto se ha hecho desde la rigurosidad y todo esto que le estoy diciendo no lo digo yo, lo dicen los técnicos, señora Candia, y usted se queda ahí diciendo cosas que ni sabe lo que dice. De verdade, señora Candia, sea rigurosa, sea respetuosa con los vecinos del rural, sea respetuosa con los vecinos del rural, no engañe, no mienta, no crispe. Gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas, señor Repetto. Segunda quenda para a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Calquera valoración, por suposto, fágolla, señor Repetto, desde o máis absoluto respecto e, por suposto, desde a máis absoluta educación.

Vostedes traen aquí unha decisión política de subir impostos e o Partido Popular non os apoia, Vostedes levan cunha xestión absolutamente derrochadora, con proxectos que non aportan nada á cidade e por suposto, o Partido Popular no nos apoia. E citou vostede Mondoñedo, pois por suposto, con moito orgullo puido vir mirar que a plusvalía eliminouse, porque é un imposto absolutamente inxusto. Era a nosa alegación. É unha decisión política, pode, por suposto, arrouparse nos argumentos que vostede considere. Abastecemento e saneamento, tamén fixemos propostas porque efectivamente intentamos non ser demagóxicos, e de onde se saca hai que dicir de onde se pon, dixémoslle: controlen vostedes as fugas, que está habendo unha perda económica moi importante, porque é auga tratada que aquí, e non metaforicamente, vaise pola alcantarilla. E o IBI, mire, o IBI de rústica, e aí non lle digo que non saiba o que di, seguramente froito do debate pois non leu con calma, pasou de 0,30 a 0,50, e o que lle dixemos é que aclarara cómo se ía a considerar as zonas de expansión, e contestáronnos por escrito que serían consideradas como solo urbano. E se vostede fai o cálculo do tipo impositivo, porque estamos falando do que vostedes modifican, que é subir o tipo impositivo das taxas, porque, mire, a ver, se deixamos de estigmatizar á xente do rural, a xente do rural sabe ler, decide e opina libremente, está formada e non a inflúe ningún, nin o Partido Socialista, nin o Bloque Nacionalista Galego, nin o Partido

Popular. Gracias a deus hai un avance en formación e en dereitos e os do rural e os de urbano saben decidir. E paréceme moi mal que pense que se deixa influenciar por ninguén. Non sei se é que vostedes traballan así. E aí efectivamente se calcula a porcentaxe de 0,30 a 0,50, iso é matemática. Efectivamente, eu son de letras, pero iso son matemáticas.

Ben, sorpréndeme tamén moitísimo, a omisión de intervención do Bloque Nacionalista Galego, porque é verdade que o Partido Socialista no seu programa electoral non falaba moito de impostos, pero o Bloque Nacionalista Galego si que era claro, facía un compromiso coa cidadanía dunha rebaixa fiscal e hoxe está votando precisamente o contrario.

E, mire, cando lles digo que gobernar é decidir e que hai investimentos que son necesarios e outros que son máis prescindibles, xa lle dixen nalgunha ocasión que a vostede lle gustaban moitísimo os contratos menores, eses contratos que moitas veces pódese invitar a empresas e vostede teledirixe ou, polo menos, insiste en identificar tres provedores, non 500 que pode haber dalgúns servizos. Pois, mire, recentemente vén de contratar por un importe de 17.200 euros...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: ... Señora Gandía, estamos falando de ordenanzas fiscais, non de, contratos menores... DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Perdoe, este contrato ten que ser pagado con diñeiro A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: ... Advértolle que estamos falando... DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Non me deixou acabar e estou na miña quenda... A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: ... O debate do estado da cidade, do Concello, farase proximamente...

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Para a preparación e deseño da redacción da nova estratexia urbana, 17.200... Parece que lle molesta...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Acabou o seu tempo. Señora Candia. Non me molesta nada, simplemente non respecta a vostede a orde do día... (Intervención de fondo da Sra. Candia López, inintelixible) ... Ten a palabra... ten a palabra o concelleiro Mauricio Repetto.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: Gracias, alcaldesa. Primeiro decir que los contratos menores son reglados, son públicos, son una licitación abierta, se puede presentar cualquier empresa que cumpla esos requisitos...

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: ... Señor Reppeto continúe con...

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: ... De todas maneras, señora Candia, decirle que estamos hablando de que en el Rural se han investido en estos últimos años más de siete millones de euros, tenemos 54 parroquias, la ciudad, se ha hecho un esfuerzo inversor...

(Balbordo de fondo)

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Silencio, por favor. Están vostedes nun pleno, pídolles silencio.

DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN: ... Y, por lo tanto, yo creo que es de recibo también recordar que, como usted no quiere que subamos los impuestos, recordarles esos 13 millones de competencias impropias de la Xunta de Galicia, que también merman las arcas municipales y por lo tanto, muchas veces hace que tengamos que subir los impuestos para seguir prestando los servicios, unos servicios de calidad y de primer nivel. Gracias.

A ALCALDESA PRESIDENTA, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS
FONDO: Moitas grazas. Como dicía, creo que é bo que os veciños estean aquí e porque cando se trata de facer políticas hipócritas e que faltan á verdade é bo que estean aquí. Hipócritas, vou a dicir... Aquí, fálase moito de educación, de humildade, porque “dime de que presumes, e direiche de que careces”. Estou falando neste momento, e quero continuar falando sen que ninguén me interrompa, se pode ser, se alguén ten a educación suficiente para respectar a quenda da alcaldesa

O que quería dicir, é que estamos falando de políticas completamente hipócritas e que faltan á verdade. Hipócritas, só por poñer un exemplo, alí onde gobernan, por poñer só un exemplo, somos sete cidades, grandes cidades en Galicia, de mais de 50.000 habitantes, o Partido Popular só goberna un, que é Ferrol, que subiu o IVE o 10% hai uns días, está subindo as taxas, alí onde gobernan teñen que atender, como nos pasa aos demais concellos, que estamos completamente asfixiados, asfixiados todos os concellos, dunha cor ou doutro, e temos que atender os servizos municipais. Alí onde gobernan, non levan xente ao Pleno, alí onde gobernan soben os impostos porque saben que teñen que subir as taxas e os impostos, porque neste momento o financiamento dos diferentes concellos, o financiamento municipal é unha das grandes débedas que hai que corrixir porque estamos absolutamente asfixiados, todos. Pero por iso digo, hipocresía: En Ferrol goberna o Partido Popular e sobe o IVE un 10%; en Lugo, goberna, o Partido Socialista co Bloque Nacionalista Galego, sobe o 10% e aquí critican a subida de impostos, e noutros sitios non a critican. Por iso estou falando de hipocresía en grao máximo. Pero ademais, como dicía, o concelleiro Mauricio Repetto, en competencias impropias estamos asumindo ao ano máis de 13 millóns de euros do noso orzamento municipal. Sabe o que son as competencias impropias? Aquilo que ten que facer outra Administración, pero non o fai, e nós temos que suplir, por exemplo, en dependencia, en servizos sociais, en atención, en axuda no fogar, todos eses servizos que vós, toda a cidadanía, ten a súa disposición nos casos regrados e de necesidade, por suposto, estámolos cubrindo nós, cando ten que ser outra administración ou que ten que facer. Tamén teño que recordar que na época da COVID, como dicía tamén o señor Repetto, Lugo recibiu cero euros da Xunta de

Galicia, cando o Goberno central mandoulle 2000 millóns de euros para que repartirá polos concellos para poder atender as situacións que se estaban dando, e naquel momento a Lugo déronos cero euros, cero. Repartiron nos concellos que tiveron a ben, pero dende logo Lugo tuvo que ir ao seu diñeiro, que tiña aforrado, para poder atender a todos os veciños e veciñas e seguimos esperando. Polo tanto, esa débeda por competencias impropias segue crescendo. Así como o teléfono é bo para facer moitas cousas, por exemplo, para chamar o presidente da Xunta de Galicia e dicirlle, mira, que aquí hai 13 millóns de euros así non hai que subir impostos, porque si nos dades eses 13 millóns de euros, que nós debedes, non hai que subir impostos no Concello de Lugo. Pero para iso non se chama, chámase e mandanse whatsapps para presionar, para dicir: ti verás, atente as consecuencias, cousas desas, pero non para facer unha chamada como se debe facer, para que atendan as competencias impropias.

Pero é que ademais faltan á verdade. Eu mesma tivo algunha reunión con algúns dos veciños que están hoxe presentes e chegaronme a dicir que había unha suba de ata o 174%, que me quedei impresionada. Sabedes o que lles contestei? Se realmente subiramos o 174% os impostos, douvos permiso para que me saquedes a gorrazos. É unha broma, é mentir por mentir, faltar á verdade. Como digo, hipocresía e falta de verdade. Polo tanto, creo que é importante que os veciños veñan aquí ao Pleno para que saiban a verdade e que pidan a información que teñan que pedir. Unha das cousas que máis me preocupa é toda a información que se deu sobre o IBI, precisamente. Esa subida do IBI que, como xa se dicía antes, temos unha ponencia do ano 98 da valoración catastral. Polo tanto, levamos moitísimos anos e hai que corrixir porque chega un momento que é imposible manter os servizos públicos con impostos que están conxelados hai moitísimos anos. Pero, eu si, lin as alegacións, que eran practicamente todas, por suposto, do Partido Popular, menos algunha que me gustou, e hai xente presente aquí, que foi a que a presentou, tiña un fundamento, tiña un fundamento esa. Todas as demais eran todo un copia e pega, todas iguais que se puxeron, me imaxino, que se puxeron a disposición dos veciños por parte do Grupo Municipal Popular, pero é que non tiñan..., realmente nos pedían unha cousa que non era competencia nosa, porque o que se confunde é a xestión catastral coa xestión tributaria, que son cousas evidentemente distintas, o que lle preocupa aos veciños, o que vin que lles preocupaba aos veciños aquel día, eran as parcelas clasificadas como solo de núcleo rural, e creo que aí non se deu información, ou non se está dando información ou, se se está dando, estase terxiversando, porque eu si que creo que se coñece, que coñecen o que transmiten, creo que son moi conscientes do que transmiten, pero o que tratan é de enganar. Pero hai xente que, dende logo non caen nese engano. Esas parcelas clasificados como solo de núcleo rural, hai que diferenciar aqueles terreos que están incluídos en núcleos delimitados, eses por suposto, pódense construír conforme a lexislación urbanística vixente neste Concello. Despois temos os terreos incluídos en áreas de expansión con ordenación predeterminada, eses tamén poden construír vivendas unifamiliares ao abeiro do réxime transitorio establecido no vixente Plan xeral municipal; e despois temos o terceiro suposto, que son os terreos incluídos en áreas de expansión sen

ordenación predeterminada, eses neste momento evidentemente non poden construír esas vivendas unifamiliares, pero non é que non poidan definitivamente construír, teñen que esperar a que sexa aprobado o plan especial de reforma interior, e chegóuseme a dicir que era o mesmo ter solo rústico que ese tipo de solo de expansión sen ordenación predeterminada. Non é certo. En solo rústico nunca se vai a poder construír salvo para usos agropecuarios. No outro si, una vez que se desenvolva o plan especial, pero, en todo caso iso é xestión urbanística, será, perdón, señor Ameijide, será o Catastro o que determina a cualificación do chan, nós soamente levamos a xestión tributaria.

Pero tamén quero anunciarlles aos veciños e veciñas que dende aquí, dende o Concello, conscientes como somos de esa particularidade, remitimos un oficio xa ao Catastro para que se tivesen en conta todas estas circunstancias urbanísticas e se determinara o valor catastral dos devanditos inmobles tendo en consideración estas circunstancias, en tanto non se desenvolva ese plan especial. Agora o catastro determinará, porque é soberano para determinalo, non son eu. Eu pedinlle que o tiveran en conta e agora estamos á espera de se o teñen en conta ou non, porque eu si que traballo polos veciños, traballo máis calada, sen mentir, sen falar de atributos, que moitas veces aquí fallan: Falar de educación, como dixer, e de humildade, moitas veces fainos sonroxar, porque, como dixer antes, dime de qué presumes e direiche de que careces.

Ben, chegado este punto, imos votar esas taxas municipais que hoxe veñen aquí para a aprobación definitiva. E, por suposto, dígolles a todos os veciños e veciñas que queiran ter información veraz que se dirixan ao Concello non a outros sitios onde o que van facer é unha interpretación *torticera*, non lles interesan nada os veciños, non lles preocupa nada os veciños, non lles preocupa nada Lugo, o que lles interesa é revolver e intentar sublevar a xente, iso é o único que lles interesa. Polo tanto, imos votar.

2/206 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 109, REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA EXCMA. SRA. ALCALDESA, en suplencia do tenente de alcaldesa delegado da área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 5 de decembro de 2024, do seguinte teor:

“**PRIMEIRO.**-O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 26/09/2024, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 109 reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio.

Durante o prazo de exposición ao público e de presentación de reclamacións, presentáronse as reclamacións ás que se fai referencia na certificación expedida pola Secretaria Xeral do Pleno deste Concello na data de 19 de novembro do 2024.

SEGUNDO .- Visto o informe de Facenda Local de data 29 de novembro de 2024, que se transcribe a continuación **“ANTECEDENTES”**:

PRIMEIRO.- O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 26/09/2024, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 109 reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio.

En concreto, aprobouse a modificación inicial do artigo 4 da devandita ordenanza fiscal “Tipos de gravame e cotas”, incrementándose as tarifas da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio nun 25%.

SEGUNDO.- De conformidade co previsto no artigo 17.3 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e unha vez transcorrido o prazo de exposición pública do acordo plenario de aprobación inicial da modificación publicado no diario “EL PROGRESO” con data do 1 de outubro de 2024, no diario “LA VOZ DE GALICIA” con data do 1 de outubro de 2024 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 228 con data do 1 de outubro de 2024, así como no Taboleiro de Anuncios dende o 2 de outubro ata o 14 de novembro de 2024, ambos inclusive, e dentro do antedito período, presentáronse as reclamacións ás que se fai referencia na certificación expedida pola Secretaria Xeral do Pleno deste Concello o 19 de novembro de 2024.

TERCEIRO.- Na data de 11/11/2024 (RE 202499900023185) os concelleiros asintantes, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR presentan reclamacións á devandita modificación:

Facendo referencia ao informe sobre a aprobación da conta xeral do exercicio 2023 de data 9/09/2024 emitido polo Interventor Municipal, do que se deduce un desequilibrio entre ingresos e gastos, solicitan que en lugar de incrementar as taxas e impostos municipais previstas nas ordenanzas municipais, se estableza un plan de contención de gastos que, prescindindo daqueles superfluos, permita a balanza de gastos e ingresos municipais, sen ter que incrementar a presión fiscal que xa están a soportar os lucenses.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O artigo 142 da Constitución Española, recolle o principio de suficiencia financeira das Facendas Locais, que determina que se nutrirán fundamentalmente de tributos propios. Así mesmo, o artigo 133.2 recoñece ás corporacións locais a capacidade para establecer e esixir tributos, que limita ao establecido na propia Constitución e nas leis. Estes principios constitucionais están trasladados á lexislación ordinaria na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 4.1.b), que recoñece aos municipios a potestade tributaria, e artigos 105 a 111, e respecto as taxas principalmente nos artigos 6 a 27 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL).

Polo que se confire ás taxas, o seu artigo 2.1.b) do TRLRHL outórgalles natureza tributaria, de maneira que a súa imposición, ordenación e modificación deberá levarse a cabo, de acordo co procedemento establecido nos artigos 15 a 19 da mesma norma.

SEGUNDO.- De acordo co artigo 17.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñeranse no taboleiro de anuncios da Entidade durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Nos parágrafos primeiro e segundo do artigo 93 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, establécese que no caso de que se presentaran reclamacións ou suxestións, a Xunta de Goberno procederá a valoralas e decidirá se, como consecuencia da devandita valoración, modifica ou mantén o texto inicial.

Tanto se se modifica o texto inicial como se se mantén, a Xunta de Goberno remitiralle á Secretaría Xeral do Pleno o proxecto, xunto cunha memoria que conteña a valoración das suxestións e alegacións, para os efectos do trámite de aprobación definitiva polo Pleno, tras o ditame previo da comisión competente.

TERCEIRO.- No artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese que os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daqueles, respectivamente. O devandito informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo.

O artigo 24.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, prescribe que o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, na súa falta, do valor da prestación recibida.

Vistos os datos anteriores conclúese que:

1) Consta no expediente de modificación da ordenanza fiscal número 109 reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio informe técnico- económico elaborado ao amparo do artigo 24.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Segundo consta no devandito informe técnico- económico, a proposta de incrementar as tarifas da taxa nun 25% cumpre as previsións do artigo 24.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que prescribe que o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, na súa falta, do valor da prestación recibida.

2) Advírtese así mesmo, no devandito informe que de acordo co artigo 17 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral do auga, as administracións públicas titulares de infraestruturas e as administracións públicas responsables dos servizos relacionados coa xestión do ciclo integral da auga deben traballar, para a consecución de entre outros obxectivos, na de conseguir unha viabilidade económica – financeira na xestión integral da auga.

O artigo 19 da mesma normativa, establece que en toda a xestión do ciclo integral da auga, as administracións públicas responsables dos servizos velarán polo cumprimento dos principios de sustentabilidade e viabilidade económica dos servizos e de recuperación dos custos, en concordancia co disposto na Directiva 2000/60/CE, Directiva marco da auga.

*Polo que se **INFORMA** que a modificación do artigo 4 “Tipos de gravame e cotas” axústase as prescricións legais, e tende ao cumprimento dos principios de sustentabilidade e viabilidade económica establecidos nos artigos 17 a 19 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral do auga”*

Ao amparo do establecido no artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 93.1 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, someteuse á Xunta de Goberno Local a valoración da reclamación efectuada na

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8045924555378143286.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17-12-2024

data 11/11/2024 (RE 202499900023185) á que se fai referencia na certificación expedida pola Secretaria Xeral de Pleno deste Concello o 19 de novembro de 2024.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 4 de decembro de 2024, acordou:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR a reclamación formulada polos concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR GRUPO MUNICIPAL POPULAR en relación á modificación do artigo 4 Tipos de gravame e cotas da ordenanza fiscal núm. 109 Reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio.

SEGUNDO.- MANTER a redacción da aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal núm. 109 Reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio.

TERCEIRO.- Elevar o presente expediente á consideración do Excmo. Concello Pleno.

En consecuencia, propónse ao Excmo. Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR a reclamación formulada polos concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR GRUPO MUNICIPAL POPULAR en relación á modificación do artigo 4 Tipos de gravame e cotas da ordenanza fiscal núm. 109 Reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio.

SEGUNDO.- MANTER a redacción da aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal núm. 109 Reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio.

TERCEIRO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE a modificación da ordenanza fiscal núm. 109 Reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 109 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO

1) Modifícase o artigo 4ª Tipos de gravame e cotas , que queda redactado como segue:

ARTIGO 4º. TIPOS DE GRAVAME E COTAS

Con base no establecido no artigo 24.3 da Lei 25/1998, establécense as seguintes tarifas:

TARIFA A.- COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen a rede de subministración de auga potable.

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos trimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Cota de aboamento ó servizo, por usuario, ó trimestre:

a) Uso doméstico:	11,81 €
b) Uso non doméstico:	26,25 €

TARIFA B.- CONSUMO.

Seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Epígrafe a) Uso doméstico:

- De 0 a 10 m³:	0,1444 €/m³.
- Exceso de 10 a 30m³:	0,236 €/m³.
- Exceso de 30 a 60 m³:	0,788 €/m³.
- Exceso de 60 a 100 m³:	1,181 €/m³.
- Exceso de 100 m³:	1,444 €/m³.

Nas comunidades de veciños con contador xeral, a cota tributaria a esixir pola prestación do servizo determinarase dividindo o consumo total polo número de vivendas e/ou locais para obter o consumo medio por veciño en metros cúbicos. Sobre o dito consumo medio aplicarase a liquidación por tramos contida nesta tarifa e o resultado multiplicarase polo número de vivendas e/ou locais da comunidade, facturándose nun único recibo a nome desta.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8045924555378143286.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17-12-2024

Epígrafe b) Uso non doméstico.

- De 0 a 75 m ³ :	0,4594 €/m ³ .
- Exceso de 75 a 150 m ³ :	1,2469 €/m ³ .
- Exceso de 150 a 300 m ³ :	1,5094 €/m ³ .
- Exceso de 300 m ³ :	1,706 €/m ³ .

Inclúense nesta tarifa os abastecementos para obras, entidades ou empresas que prestan servizo ó público, residencias colectivas e establecementos nos que a auga constitúa materia prima esencial, tributando os restantes pola cota correspondente ó uso doméstico.

TARIFA C.- INSPECCIÓN DE CONTADORES.

Unha vez solicitada a alta como abonado ou producida esta de oficio, por unha soa vez:

28,90 €

A totalidade das tarifas anteriores non inclúen a cota tributaria que resulte de aplicación á operación en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

TARIFA D.- ACOMETIDAS

Por acometida á rede de distribución, por unha soa vez:

En edificios cunha vivenda ou local:	123,47 €
En edificios de 2 a 10 vivendas ou locais por vivenda ou local:	61,77 €
Con máis de 10 vivendas, por vivenda ou local:	47,02 €

Non obstante, en caso de derribamento e nova edificación, aboaranse de novo os dereitos de entroncamento á rede.

TARIFA E.- OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS E ACTUACIÓNS.

Todas as demais subministracións e a colocación de encanamentos, chaves de paso, arquetas, bocas de rega ou para o servizo contra incendios fóra das vías públicas, pezas de toma, e, en xeral, actuacións do servizo non recollidas expresamente nesta ordenanza serán obxecto de liquidación por unha soa vez, polo prezo dos materiais segundo a factura e da man de obra polo tempo investido, recargado este último concepto nun 100%, segundo o presuposto previo formulado polo servizo, autorizado pola Alcaldía, e coa conformidade do solicitante, e sen ese requisito non será atendida a súa petición.

Todos os tributos de calquera tipo que poidan gravar os servizos obxecto desta ordenanza, os contratos de subministración e os recibos, serán sempre por conta do abonado.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo definitivo, que é firme na vía administrativa, ao abeiro do establecido no artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, poderá, de ser o caso, interpoñerse unicamente recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza) no prazo de dous meses contados a partir da dita publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 19.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 11 de decembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- **DESESTIMAR** a reclamación formulada polos concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Mendez, en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR GRUPO MUNICIPAL POPULAR, en relación á modificación do artigo 4 Tipos de gravame e cotas da ordenanza fiscal núm. 109 Reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio.

SEGUNDO.- **MANTER** a redacción da aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal núm. 109 Reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8045924555378143286.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17-12-2024

TERCEIRO.- **APROBAR DEFINITIVAMENTE** a modificación da ordenanza fiscal núm. 109 Reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 109 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO

2) Modifícase o artigo 4ª Tipos de gravame e cotas , que queda redactado como segue:

ARTIGO 4º. TIPOS DE GRAVAME E COTAS

Con base no establecido no artigo 24.3 da Lei 25/1998, establécense as seguintes tarifas:

TARIFA A.- COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen a rede de subministración de auga potable.

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos trimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Cota de aboamento ó servizo, por usuario, ó trimestre:

a) Uso doméstico:	11,81 €
b) Uso non doméstico:	26,25 €

TARIFA B.- CONSUMO.

Seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Epígrafe a) Uso doméstico:

- De 0 a 10 m³:	0,1444 €/m³.
- Exceso de 10 a 30m³:	0,236 €/m³.
- Exceso de 30 a 60 m³:	0,788 €/m³.
- Exceso de 60 a 100 m³:	1,181 €/m³.
- Exceso de 100 m³:	1,444 €/m³.

Nas comunidades de veciños con contador xeral, a cota tributaria a esixir pola prestación do servizo determinarase dividindo o consumo total polo número de vivendas e/ou locais para obter o consumo medio por veciño en metros cúbicos. Sobre o dito consumo medio aplicarase a liquidación por tramos contida nesta tarifa e o resultado multiplicarase polo número de vivendas e/ou locais da comunidade, facturándose nun único recibo a nome desta.

Epígrafe b) Uso non doméstico.

- De 0 a 75 m ³ :	0,4594 €/m ³ .
- Exceso de 75 a 150 m ³ :	1,2469 €/m ³ .
- Exceso de 150 a 300 m ³ :	1,5094 €/m ³ .
- Exceso de 300 m ³ :	1,706 €/m ³ .

Inclúense nesta tarifa os abastecementos para obras, entidades ou empresas que prestan servizo ó público, residencias colectivas e establecementos nos que a auga constitúa materia prima esencial, tributando os restantes pola cota correspondente ó uso doméstico.

TARIFA C.- INSPECCIÓN DE CONTADORES.

Unha vez solicitada a alta como abonado ou producida esta de oficio, por unha soa vez:

28,90 €

A totalidade das tarifas anteriores non inclúen a cota tributaria que resulte de aplicación á operación en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

TARIFA D.- ACOMETIDAS

Por acometida á rede de distribución, por unha soa vez:

En edificios cunha vivenda ou local:	123,47 €
En edificios de 2 a 10 vivendas ou locais por vivenda ou local:	61,77 €
Con máis de 10 vivendas, por vivenda ou local:	47,02 €

Non obstante, en caso de derribamento e nova edificación, aboaranse de novo os dereitos de entroncamento á rede.

TARIFA E.- OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS E ACTUACIÓNS.

Todas as demais subministracións e a colocación de encanamentos, chaves de paso, arquetas, bocas de rega ou para o servizo contra incendios fóra das vías públicas, pezas de toma, e, en xeral, actuacións do servizo non recollidas expresamente nesta ordenanza serán obxecto de liquidación por unha soa vez,

polo prezo dos materiais segundo a factura e da man de obra polo tempo investido, recargado este último concepto nun 100%, segundo o presuposto previo formulado polo servizo, autorizado pola Alcaldía, e coa conformidade do solicitante, e sen ese requisito non será atendida a súa petición.

Todos os tributos de calquera tipo que poidan gravar os servizos obxecto desta ordenanza, os contratos de subministración e os recibos, serán sempre por conta do abonado.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo definitivo, que é firme na vía administrativa, ao abeiro do establecido no artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, poderá, de ser o caso, interpoñerse unicamente recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza) no prazo de dous meses contados a partir da dita publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 1/205, 3/207 e 4/208. As intervencións producidas figuran ao pé do asunto número 1/205.

3/207 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 201, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA EXCMA. SRA. ALCALDESA, en suplencia do tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 5 de decembro de 2024, do teor literal seguinte:

“O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 26/09/2024, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Durante o prazo de exposición ao público e de presentación de reclamacións, presentáronse as reclamacións ás que se fai referencia na certificación expedida pola Secretaria Xeral do Pleno deste Concello na data de 19 de novembro do 2024.

Visto o informe de Facenda Local de data 29 de novembro de 2024, que se transcribe a continuación” **ANTECEDENTES:** *O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 26/09/2024, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 201 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana .*

En concreto, aprobouse a modificación inicial do:

- 1) *Punto dous do artigo 13 (coeficientes relativos ao período de xeración).*

De conformidade co previsto no artigo 17.3 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e unha vez transcorrido o prazo de exposición pública do acordo plenario de aprobación inicial da modificación publicado no diario “EL PROGRESO” con data do 1 de outubro de 2024, no diario “LA VOZ DE GALICIA” con data do 1 de outubro de 2024 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 228 con data do 1 de outubro de 2024, así como no Taboleiro de Anuncios dende o 2 de outubro ata o 14 de novembro de 2024, ambos inclusive, e dentro do antedito período, presentáronse as reclamacións ás que se fai referencia na certificación expedida pola Secretaria Xeral do Pleno deste Concello o 19 de novembro de 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

PRIMEIRO.- *O artigo 142 da Constitución Española, recolle o principio de suficiencia financeira das Facendas Locais, que determina que se nutrirán fundamentalmente de tributos propios. Así mesmo, o artigo 133.2 recoñece ás corporacións locais a capacidade para establecer e esixir tributos, que limita ao establecido na propia Constitución e nas leis. Estes principios constitucionais están trasladados á lexislación ordinaria na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 4.1.b) e artigos 105 a 111, que recoñece aos municipios a potestade tributaria, e respecto ao imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana principalmente nos artigos 6 a 19 e 104 a 110 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL).*

Polo que se confire aos impostos, o artigo 2.1.b) do TRLRHL outórgalles natureza tributaria, de maneira que a súa imposición, ordenación e modificación deberá levarse a cabo, de acordo co procedemento establecido nos artigos 15 a 19 da mesma norma.

SEGUNDO.- De acordo co artigo 17.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñeranse no taboleiro de anuncios da Entidade durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Nos parágrafos primeiro e segundo do artigo 93 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, establécese que no caso de que se presentaran reclamacións ou suxestións, a Xunta de Goberno procederá a valoralas e decidirá se, como consecuencia da devandita valoración, modifica ou mantén o texto inicial.

Tanto se se modifica o texto inicial como se se mantén, a Xunta de Goberno remitiralle á Secretaría Xeral do Pleno o proxecto, xunto cunha memoria que conteña a valoración das suxestións e alegacións, para os efectos do trámite de aprobación definitiva polo Pleno, tras o ditame previo da comisión competente.

TERCEIRO.- No apartado cuarto do artigo 107 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, régúlase o período de xeración do incremento do valor (número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o devandito incremento) establecéndose no parágrafo cuarto deste apartado cuarto os coeficientes máximos a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación.

De acordo co establecido neste parágrafo cuarto, será “o que o que corresponda dos aprobados polo concello segundo o período de xeración do incremento de valor, sen que poida exceder dos límites sinalados no devandito artigo”.

Así mesmo establécese no parágrafo quinto deste apartado cuarto que “ Estes coeficientes máximos serán actualizados anualmente mediante norma con rango legal, podendo levar a cabo a dita actualización mediante as leis de orzamentos xerais do Estado.”

O Real Decreto-Lei 8/2023, do 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraia e Oriente Próximo, así como para paliar os efectos da seca estableceu con efectos dende 1 de xaneiro de 2024 os importes máximos dos coeficientes para aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, segundo o período de xeración do incremento de valor, a que se refire o apartado 4 do artigo 107 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CUARTO.- De acordo co artigo 4 do Real decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora do catastro inmobiliario a formación e mantemento do Catastro Inmobiliario, así como a difusión da información catastral, é de competencia exclusiva do Estado. Funcións que se exercen pola Dirección Xeral do Catastro, directamente ou a través das distintas fórmulas de colaboración que se establezan coas diferentes Administracións, entidades e corporacións públicas.

O artigo 77.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que “el impuesto se gestiona a partir de la información contenida en el padrón catastral y en los demás documentos expresivos de sus variaciones elaborados al efecto por la Dirección General del Catastro, sin perjuicio de la competencia municipal para la calificación de inmuebles de uso residencial desocupados”

QUINTO.- O artigo 8.d) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, dispón que se regularán, en todo caso, por Lei, “d) El establecimiento, modificación, supresión y prórroga de las exenciones, reducciones, bonificaciones, deducciones y demás beneficios o incentivos fiscales”

Pola súa parte, o artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que “No podrán reconocerse otros beneficios fiscales en los tributos locales que los expresamente previstos en las normas con rango de ley o los derivados de la aplicación de los tratados internacionales.

No obstante, también podrán reconocerse los beneficios fiscales que las entidades locales establezcan en sus ordenanzas fiscales en los supuestos expresamente previstos por la ley”

No artigo 105 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, regúlanse as exencións no imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana. Nos apartados 4 e 5 do artigo 108 do mesmo texto normativo se regulan as bonificacións potestativas que o Concello pode regular nas súas ordenanzas fiscais.

SEXTO.- O que se somete a trámite de reclamacións é a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm. 201, reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, no tocante aos seguintes preceptos:

- Punto dous do artigo 13 (coeficientes relativos ao período de xeración).

E elo non habilita para formular reclamacións sobre cuestións non recollidas na aprobación inicial da modificación.

Só poden ser obxecto de reclamación aquelas ordenanzas fiscais que forman parte do expediente de modificación da ordenanza fiscal e respecto do contido das mesmas que fosen rectificadas polos correspondentes acordos de modificación, correspondendo á Xunta de Goberno Local, a súa resolución en forma de ESTIMACIÓN ou DESESTIMACIÓN, e no seu caso declarando a INADMISIÓN daquelas reclamacións presentadas respecto de contidos da ordenanza sobre as que non se formulou proposta algunha de modificación, e que non foron incluídas por iso, no citado expediente de modificación, e propoñer ao Pleno a aprobación da modificación.

Vistos os datos anteriores e en relación ás reclamacións presentadas:

3) Na data 11/11/2024 (RE 202499900023185) os concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR presentan reclamacións no seguinte xeito:

Facendo referencia ao informe sobre a aprobación da conta xeral do exercicio 2023 de 9/09/2024 do Interventor Municipal, do que se deduce un desequilibrio entre ingresos e gastos, solicitan que en lugar de incrementar as taxas e impostos municipais previstas nas ordenanzas municipais, se estableza un plan de contención de gastos que, prescindindo daqueles superfluos, permita a balanza de gastos e ingresos municipais, sen ter que incrementar a presión fiscal que xa están a soportar os lucenses

4) Na data 11/11/2024 (RE 202499900023186) os concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR presentan reclamacións no seguinte xeito:

Visto que os os terreos que estean cualificados coma zonas de expansión de núcleo rural tradicional (NRT) dentro do planeamento en vigor (PXOM do municipio de Lugo) pasarán a ser consideradas como de natureza urbana a efectos catastrais, pasando a ser considerados suxeitos ao imposto sobre bens inmobles de natureza urbana

Que, derivado da anterior circunstancia, eses terreos pasarán a ser considerados como suxeitos ao imposto de bens inmobles de natureza urbana, e, para o caso das transmisións, ben sexan onerosas ou gratuítas, estarán igualmente suxeitos ao imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Que, tal circunstancia resulta notoriamente inxusta na medida en que todos eses terreos teñen, a efectos prácticos, moi escasa ou nula, capacidade de aproveitamento edificatorio, polo que solicítase que:

1) O Concello inste a Dirección Xeral do Catastro, organismo dependente da Secretaría de Estado de Facenda, para que non considere con carácter urbano as áreas de expansión de núcleo rural tradicional, dadas as especiais circunstancias que implican unha case completa ausencia de aproveitamento edificatorio.

2) Que se aprobe unha exención nos supostos de transmisión deste tipo de terreos na ordenanza fiscal número 201, relativa ao imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

CONSIDÉRASE QUE:

1) A modificación do apartado dous do artigo 13, non é unha modificación dos tipos de gravame, que se atopan regulados no artigo 14 e non se modifican.

A modificación proposta é unha modificación do punto dous do artigo 13 regulador dos coeficientes máximos a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación. Os coeficientes establecidos na modificación do punto dous do artigo 13 cumpren as previsións establecidas no apartado cuarto do artigo 107 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido Facendas Locais e do artigo 24 do Real Decreto- Lei 8/2023, do 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraña e Oriente Próximo.

Nalgúns casos os coeficientes máximos establecidos tense diminuído respecto á redacción anterior á devandita modificación, noutros casos os coeficientes máximos establecidos tense aumentado. Polo que a aplicación dos novos coeficientes, non implica necesariamente un incremento xeral das cotas das liquidacións tributarias.

2) Tal como establecen os artigos 4 do Real decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora do catastro inmobiliario eo artigo 77.5 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o imposto sobre bens inmoables é un imposto de xestión compartida entre os Concellos e o Catastro Inmobiliario, correspondéndolle ao Catastro Inmobiliario a clasificación dos bens inmoables en urbanos, rústicos ou de características especiais así como a determinación do seu valor catastral. As actuacións de xestión censal corresponden ao Ministerio de Facenda a través da Dirección Xeral do Catastro e a xestión e recadación do imposto corresponde aos Concellos.

Nestes intres o Catastro inmobiliario está tramitando un procedemento simplificado de valoración colectiva (PSSU) por contar o Concello co planeamento vixente distinto ao que serviu de base para a realización do procedemento colectivo de carácter xeral.

Ao abeiro do artigo 13 da LOUG, o PXOM de Lugo delimita o ámbito dos núcleos rurais existentes e as áreas de expansión dos núcleos atendendo aos criterios e crecemento urbanístico previstos. Para as áreas de expansión o PXOUM diferencia entre as áreas de expansión con ordenación predeterminada e as áreas de expansión sen ordenación predeterminada.

A clasificación dos bens inmobles incluídos nas areas de expansión con ordenación predeterminada e sen ordenación predeterminada coma bens inmobles de natureza urbana ou bens inmobles de natureza rústica así coma a determinación do seu valor catastral é unha competencia do Catastro Inmobiliario.

2) De acordo co establecido no parágrafo sexto dos fundamentos xurídicos anterior o que se somete a trámite a reclamacións non é a totalidade do texto da ordenanza, nin neste caso, a exención solicitada, tendo que versar o escrito de reclamacións necesariamente sobre o contido da aprobación inicial.

*Dado que a reclamación formulada no sentido de que se aprobe “unha exención nos supostos de transmisión deste tipo de terreos” (terreos sitos nas áreas de expansión de núcleo rural tradicional) contén reclamacións respecto a contidos da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana sobre os que non se formulou proposta algunha de modificación, non incluíndose, polo tanto, no expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, procede a **INADMISIÓN** da devandita reclamación.*

Ao marxe da procedencia da súa declaración de inadmisión, convén observar que a exención pretendida, tal e como está plantexada, non se axustaría á legalidade vixente, por non vir contemplada como beneficio fiscal no artigo 105 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido Facendas Locais.

Os Concellos, en xeral, e o Concello de Lugo, en particular non poden regular os beneficios fiscais que desexan, nin poden fixar as súas condicións como consideren. Antes, o contrario, é a Lei a que, en todo caso, sinala os supostos nos que os concellos poden acometer a regulación dun determinado beneficio, así como cos límites do seu establecemento.

5) Nas datas sinaladas os interesados relacionados presentan reclamacións

INTERESADO	DATA	REXISTRO
------------	------	----------

1	IBIAS OTERO, ALFONSO	29/10/2024	202499900022461
2	RIO ARIAS, ANA BELEN	29/10/2024	202499900022469
3	IGNACIO CANCELA, MARGARITA	31/10/2024	202499900022641
4	ESCOLANTE GONZALEZ, DANIEL	06/11/2024	202400000047313
5	ESCOLANTE LOPEZ, DANIEL AGUSTIN	06/11/2024	202400000047316
6	CASTRO GARCIA ELADIO	08/11/2024	202400000047727
7	PORTELA VARELA, EZEQUIEL	11/11/2024	202400000047997
8	LOPEZ CASTRO, MARIA TERESA	11/11/2024	202400000048000
9	ALDARIZ FERNANDEZ JAIME	12/11/2024	202400000048228
10	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, DIGNA	12/11/2024	202400000048246
11	FERNANDEZ LOPEA MARIA JESUS	12/11/2024	202400000048265
12	PEREZ CASTIÑEIRA, MANUEL	13/11/2024	202400000048580
13	ARIAS RIO, MARIA CARMEN	13/11/2024	202400000048583
14	RIO VAZQUEZ, MERCEDES	13/11/2024	202400000048587

Redactadas todas elas no mesmo xeito:

No tempo que a modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles ven a ser aprobada inicialmente, as áreas de expansión de núcleo rural tradicional pasan a ser considerados solos de carácter urbano, coa especial circunstancia (que non corresponde con esta clasificación) de que non existe aproveitamento edificatorio lucrativo, polo que solicitan que o Concello inste á Dirección Xeral do Catastro, organismo dependente da Secretaría de Estado de Facenda, no que atinxe ás áreas de expansión de núcleo rural tradicional, non considere estes solos como de carácter urbano, dadas as especiais circunstancias que implican unha completa ausencia de aproveitamento edificatorio.

Que subsidiariamente en calquera caso, se aplique, no imposto que corresponde ao valor dos bens inmobles, unha bonificación que compense, e reverta, a aparición dun feito imponible (antes inexistente) que supón a aprobación da devandita ordenanza .

CONSIDÉRASE QUE:

2) Tal como establecen os artigos 4 do Real decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora do catastro inmobiliario eo artigo 77.5 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais a formación e mantemento do Catastro Inmobiliario, o imposto sobre bens inmobles é un imposto de xestión compartida entre os Concellos e o Catastro Inmobiliario, correspondéndolle ao Catastro Inmobiliario a clasificación dos bens inmobles en urbanos, rústicos ou de características especiais así como a determinación do seu valor catastral. As actuacións de xestión censal corresponden ao Ministerio de Facenda a través da Dirección Xeral do Catastro e a xestión e recadación do imposto corresponde aos Concellos.

Nestes intres o Catastro inmobiliario está tramitando un procedemento simplificado de valoración colectiva (PSSU) por contar o Concello co planeamento vixente distinto ao que serviu de base para a realización do procedemento colectivo de carácter xeral.

Ao abeiro do artigo 13 da LOUG, o PXOM de Lugo delimita o ámbito dos núcleos rurais existentes e as áreas de expansión dos núcleos atendendo aos criterios e crecemento urbanístico previstos. Para as áreas de expansión o PXOUM diferencia entre as áreas de expansión con ordenación predeterminada e as áreas de expansión sen ordenación predeterminada.

A clasificación dos bens inmobles incluídos nas areas de expansión con ordenación predeterminada e sen ordenación predeterminada coma bens inmobles de natureza urbana ou bens inmobles de natureza rústica así coma a determinación do seu valor catastral é unha competencia do Catastro Inmobiliario.

2) De acordo co establecido no parágrafo sexto dos fundamentos xurídicos anterior, o que se somete a trámite de reclamacións non é a totalidade do texto da ordenanza, nin neste caso, a bonificación solicitada, tendo que versar o escrito de reclamacións necesariamente sobre o contido da aprobación inicial.

*Dado que as reclamacións formuladas no sentido de que se aprobe “unha bonificación que compense,e reverta, o incremento fiscal que supón a aprobación da devandita ordenanza fiscal” conteñen reclamacións respecto a contidos da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana sobre os que non se formulou proposta algunha de modificación, non incluíndose, polo tanto, no expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, procede a **INADMISIÓN** da devandita reclamación.*

Ao marxe da procedencia da súa declaración de inadmisión, convén observar que a bonificación pretendida, tal e como está plantexada, non se axustaría á legalidade vixente, por non vir contemplada como beneficio fiscal no artigo 108.4 e 5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido Facendas Locais.

Os Concellos, en xeral, e o Concello de Lugo, en particular non poden regular os beneficios fiscais que desexan, nin poden fixar as súas condicións como consideren. Antes, o contrario, é a Lei a que, en todo caso, sinala os supostos nos que os concellos poden acometer a regulación dun determinado beneficio, así como cos límites do seu establecemento”.

Ao amparo do establecido no artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 93.1 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo,

someteuse á Xunta de Goberno Local a valoración das reclamacións á que se fai referencia na certificación expedida pola Secretaria Xeral de Pleno deste Concello o 19 de novembro de 2024, en relación ao imposto sobre o incremento do valores dos terreos de natureza urbana.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 4 de decembro de 2024, acordou:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR AS RECLAMACIÓNS formuladas polos concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR en relación á súa solicitude de non incrementar os impostos municipais.

SEGUNDO.- INADMITIR AS RECLAMACIÓNS formuladas polos concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR en relación á solicitude de aprobación dunha exención nos supostos de transmisión de bens inmobles (terreos sitos nas áreas de expansión de nucleo tradicional).

TERCEIRO - INADMITIR AS RECLAMACIÓNS formuladas por IBIAS OTERO ALFONSO, RÍO ARIAS ANA BELÉN, IGNACIO CANCELA MARGARITA, ESCOLANTE GONZÁLEZ DANIEL, ESCOLANTE LÓPEZ DANIEL AGUSTÍN, CASTRO GARCÍA ELADIO, PORTELA VARELA EZEQUIEL, LÓPEZ CASTRO MARÍA TERESA, ALDARIZ FERNÁNDEZ JAIME, RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ DIGNA, FERNÁNDEZ LÓPEZ MARÍA JESÚS, PÉREZ CASTIÑEIRA MANUEL, ARIAS RÍO MARÍA CARMEN, RÍO VÁZQUEZ MERCEDES en relación ás solicitudes de aprobación dunha bonificación que compense e reverta o incremento fiscal que supón a aprobación da ordenanza.

CUARTO.- INFORMAR aos reclamantes que a clasificación dos bens inmobles incluídos nas areas de expansión con ordenación predeterminada e sen ordenación predeterminada coma bens inmobles de natureza urbana ou bens inmobles de natureza rústica así coma a determinación do seu valor catastral é unha competencia do Catastro Inmobiliario.

QUINTO- MANTER a redacción da aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal número 201 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

SEXTO.- Elevar o presente expediente á consideración do Excmo. Concello Pleno.

En consecuencia, propónse ao Excmo. Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR AS RECLAMACIÓNS formuladas polos concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR en relación á súa solicitude de non incrementar os impostos municipais.

SEGUNDO.- INADMITIR AS RECLAMACIÓNS formuladas polos concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR en relación á solicitude de aprobación dunha exención nos supostos de transmisión de bens inmobles (terreos sitos nas áreas de expansión de núcleo tradicional).

TERCEIRO - INADMITIR AS RECLAMACIÓNS formuladas por IBIAS OTERO ALFONSO, RÍO ARIAS ANA BELÉN, IGNACIO CANCELA MARGARITA, ESCOLANTE GONZÁLEZ DANIEL, ESCOLANTE LÓPEZ DANIEL AGUSTÍN, CASTRO GARCÍA ELADIO, PORTELA VARELA EZEQUIEL, LÓPEZ CASTRO MARÍA TERESA, ALDARIZ FERNÁNDEZ JAIME, RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ DIGNA, FERNÁNDEZ LÓPEZ MARÍA JESÚS, PÉREZ CASTIÑEIRA MANUEL, ARIAS RÍO MARÍA CARMEN, RÍO VÁZQUEZ, MERCEDES en relación ás solicitudes de aprobación dunha bonificación que compense e reverta o incremento fiscal que supón a aprobación da ordenanza.

CUARTO.- INFORMAR aos reclamantes que a clasificación dos bens inmobles incluídos nas áreas de expansión con ordenación predeterminada e sen ordenación predeterminada coma bens inmobles de natureza urbana ou bens inmobles de natureza rústica así coma a determinación do seu valor catastral é unha competencia do Catastro Inmobiliario.

QUINTO- MANTER a redacción da aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal número 201 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

SEXTO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE a modificación da Ordenanza fiscal núm. 201 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. NÚM. 201 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

MODIFÍCASE o punto dous do artigo 13 que quedaría redactado do seguinte xeito:

2. O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación calculado conforme ao disposto nos artigos anteriores e segundo o período de xeración de incremento de valor, será o seguinte:

Periodo de generación	Coeficiente
Inferior a 1 ano.	0,15
1 ano.	0,15
2 anos.	0,14
3 anos.	0,14
4 anos.	0,16
5 anos.	0,18
6 anos.	0,19
7 anos.	0,20
8 anos.	0,19
9 anos.	0,15
10 anos.	0,12
11 anos.	0,10
12 anos.	0,09
13 anos.	0,09
14 anos.	0,09
15 anos.	0,09
16 anos.	0,10
17 anos.	0,13
18 anos.	0,17
19 anos.	0,23
Igual o superior a 20 anos.	0,40

Se, como consecuencia da actualización dos coeficientes máximos establecidos no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, algún dos coeficientes anteriores resultase ser superior ao correspondente novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que entre en vigor a nova ordenanza fiscal que corrixa o devandito exceso.

DISPOSICIÓN FINAL

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8045924555378143286.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17-12-2024

As presentes modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo definitivo, que é firme na vía administrativa, ao abeiro do establecido no artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, poderá, de ser o caso, interpoñerse unicamente recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza) no prazo de dous meses contados a partir da dita publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 11 de decembro de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- DESESTIMAR AS RECLAMACIÓNS formuladas polos concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR en relación á súa solicitude de non incrementar os impostos municipais.

SEGUNDO.- INADMITIR AS RECLAMACIÓNS formuladas polos concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Rubinos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez, en representación do GRUPO MUNICIPAL POPULAR, en relación á solicitude de aprobación dunha exención nos supostos de transmisión de bens inmoables (terreos sitos nas áreas de expansión de núcleo tradicional).

TERCEIRO.- **INADMITIR AS RECLAMACIÓNS** formuladas por IBIAS OTERO ALFONSO, RÍO ARIAS ANA BELÉN, IGNACIO CANCELA MARGARITA, ESCOLANTE GONZÁLEZ DANIEL, ESCOLANTE LÓPEZ DANIEL AGUSTÍN, CASTRO GARCÍA ELADIO, PORTELA VARELA EZEQUIEL, LÓPEZ CASTRO MARÍA TERESA, ALDARIZ FERNÁNDEZ JAIME, RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ DIGNA, FERNÁNDEZ LÓPEZ MARÍA JESÚS, PÉREZ CASTIÑEIRA MANUEL, ARIAS RÍO MARÍA CARMEN, RÍO VÁZQUEZ MERCEDES en relación ás solicitudes de aprobación dunha bonificación que compense e reverta o incremento fiscal que supón a aprobación da ordenanza.

CUARTO.- **INFORMAR** aos reclamantes que a clasificación dos bens inmoables incluídos nas áreas de expansión con ordenación predeterminada e sen ordenación predeterminada coma bens inmoables de natureza urbana ou bens inmoables de natureza rústica así coma a determinación do seu valor catastral é unha competencia do Catastro Inmobiliario.

QUINTO.- **MANTER** a redacción da aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal número 201 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

SEXTO.- **APROBAR DEFINITIVAMENTE** a modificación da Ordenanza fiscal núm. 201 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. NÚM. 201 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

MODIFÍCASE o punto dous do artigo 13 que quedaría redactado do seguinte xeito:

2. O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación calculado conforme ao disposto nos artigos anteriores e segundo o período de xeración do incremento de valor, será o seguinte:

Periodo de generación	Coeficiente
Inferior a 1 ano.	0,15
1 ano.	0,15
2 anos.	0,14
3 anos.	0,14
4 anos.	0,16
5 anos.	0,18
6 anos.	0,19
7 anos.	0,20

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8045924555378143286.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17-12-2024

Periodo de generación	Coeficiente
8 anos.	0,19
9 anos.	0,15
10 anos.	0,12
11 anos.	0,10
12 anos.	0,09
13 anos.	0,09
14 anos.	0,09
15 anos.	0,09
16 anos.	0,10
17 anos.	0,13
18 anos.	0,17
19 anos.	0,23
Igual o superior a 20 anos.	0,40

Se, como consecuencia da actualización dos coeficientes máximos establecidos no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, algún dos coeficientes anteriores resultase ser superior ao correspondente novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que entre en vigor a nova ordenanza fiscal que corrixa o devandito exceso.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes modificacións publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo definitivo, que é firme na vía administrativa, ao abeiro do establecido no artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, poderá, de ser o caso, interpoñerse unicamente recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza) no prazo de dous meses contados a partir da dita publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente cos puntos 1/205, 2/206 e 4/208. As intervencións producidas figuran ao pé do asunto número 1/205.

4/208 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA, en suplencia do tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, do 5 de decembro de 2024, do teor literal seguinte:

“O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 26/09/2024, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Durante o prazo de exposición ao público e de presentación de reclamacións, presentáronse as reclamacións ás que se fixo referencia na certificación expedida pola Secretaria Xeral do Pleno deste Concello na data de 19 de novembro do 2024.

Visto o informe de Facenda Local de data 29 de novembro de 2024, que se transcribe a continuación ” **ANTECEDENTES:** *O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 26/09/2024, aprobou inicialmente o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles.*

En concreto, aprobouse a modificación inicial do:

- 1) *Artigo 4 regulador dos tipos de gravame do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, de natureza rústica e bens de características especiais. (incremento tipos de gravame).*
- 2) *Apartado 4) do artigo 5 regulador da bonificación na conta íntegra no imposto daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa.*
- 3) *Engadiuse artigo 6 regulador do período impositivo e pagamento do imposto.*
- 4) *Engadiuse artigo 7 regulador do réxime de declaracións, comunicación e solicitudes.*

De conformidade co previsto no artigo 17.3 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e unha vez transcorrido o prazo de exposición pública do acordo plenario de aprobación inicial da modificación publicado no diario “EL PROGRESO” con data do 1 de outubro de 2024, no diario “LA VOZ DE GALICIA” con data do 1 de outubro de 2024 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 228 con data do 1 de outubro de 2024, así como no Taboleiro de Anuncios dende o 2 de outubro ata o 14 de novembro de 2024, ambos inclusive, e dentro do antedito período,

presentáronse as reclamacións ás que se fai referencia na certificación expedida pola Secretaria Xeral do Pleno deste Concello o 19 de novembro de 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

PRIMEIRO.- O artigo 142 da Constitución Española, recolle o principio de suficiencia financeira das Facendas Locais, que determina que se nutrirán fundamentalmente de tributos propios. Así mesmo, o artigo 133.2 recoñece ás corporacións locais a capacidade para establecer e esixir tributos, que limita ao establecido na propia Constitución e nas leis. Estos principios constitucionais están trasladados á lexislación ordinaria na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 4.1.b) e artigos 105 a 111, que recoñece aos municipios a potestade tributaria, e respecto ao imposto sobre bens inmoables principalmente nos artigos 6 a 19 e 60 a 77 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL).

Polo que se confire aos impostos, o artigo 2.1.b) do TRLRHL outórgalles natureza tributaria, de maneira que a súa imposición, ordenación e modificación deberá levarse a cabo, de acordo co procedemento establecido nos artigos 15 a 19 da mesma norma.

SEGUNDO.- De acordo co artigo 17.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñeranse no taboleiro de anuncios da Entidade durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Nos parágrafos primeiro e segundo do artigo 93 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, establécese que no caso de que se presentaran reclamacións ou suxestións, a Xunta de Goberno procederá a valoralas e decidirá se, como consecuencia da devandita valoración, modifica ou mantén o texto inicial.

Tanto se se modifica o texto inicial como se se mantén, a Xunta de Goberno remitiralle á Secretaría Xeral do Pleno o proxecto, xunto cunha memoria que conteña a valoración das suxestións e alegacións, para os efectos do trámite de aprobación definitiva polo Pleno, tras o ditame previo da comisión competente.

TERCEIRO.- O artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido Facendas Locais, establece o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles cuxo tenor literal é o seguinte:

“1. El tipo de gravamen mínimo y supletorio será el 0,4 por ciento cuando se trate de bienes inmuebles urbanos y el 0,3 por ciento cuando se trate de bienes inmuebles rústicos, y el máximo será el 1,10 por ciento para los urbanos y 0,90 por ciento para los rústicos.

2. El tipo de gravamen aplicable a los bienes inmuebles de características especiales, que tendrá carácter supletorio, será del 0,6 por ciento. Los ayuntamientos podrán establecer para cada grupo de ellos existentes en el municipio un tipo diferenciado que, en ningún caso, será inferior al 0,4 por ciento ni superior al 1,3 por ciento”

CUARTO.- De acordo co artigo 4 do Real decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora do catastro inmobiliario a formación e mantemento do Catastro Inmobiliario, así como a difusión da información catastral, é de competencia exclusiva do Estado. Funcións que se exercen pola Dirección Xeral do Catastro, directamente ou a través das distintas fórmulas de colaboración que se establezan coas diferentes Administracións, entidades e corporacións públicas.

O artigo 77.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que “el impuesto se gestiona a partir de la información contenida en el padrón catastral y en los demás documentos expresivos de sus variaciones elaborados al efecto por la Dirección General del Catastro, sin perjuicio de la competencia municipal para la calificación de inmuebles de uso residencial desocupados”

QUINTO.- O artigo 8.d) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, dispón que se regularán, en todo caso, por Lei, “d) El establecimiento, modificación, supresión y prórroga de las exenciones, reducciones, bonificaciones, deducciones y demás beneficios o incentivos fiscales”

Pola súa parte, o artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que “No podrán reconocerse otros beneficios fiscales en los tributos locales que los expresamente previstos en las normas con rango de ley o los derivados de la aplicación de los tratados internacionales.

No obstante, también podrán reconocerse los beneficios fiscales que las entidades locales establezcan en sus ordenanzas fiscales en los supuestos expresamente previstos por la ley”

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8045924555378143286.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 17-12-2024

No artigo 73 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, regúlanse as bonificacións obrigatorias no imposto sobre bens inmobles e no artigo 74 do mesmo texto normativo as bonificacións potestativas que o Concello pode regular nas súas ordenanzas fiscais.

SEXTO.-O que se somete a trámite de reclamacións é a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm. 203, reguladora do imposto sobre bens inmobles, no tocante aos seguintes preceptos:

- 1) Artigo 4 regulador dos tipos de gravame do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, de natureza rústica e bens de características especiais. (incremento tipos de gravame).
- 2) Modificación do apartado 4) do artigo 5 regulador da bonificación na conta íntegra no imposto daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa.
- 3) Establecemento artigo 6 regulador do período impositivo e pagamento do imposto.
- 4) Establecemento artigo 7 regulador do réxime de declaracións, comunicación e solicitudes.

E elo non habilita para formular reclamacións sobre cuestións non recollidas na aprobación inicial da modificación.

Só poden ser obxecto de reclamación aquelas ordenanzas fiscais que forman parte do expediente de modificación da ordenanza fiscal e respecto do contido das mesmas que fosen rectificadas polos correspondentes acordos de modificación, correspondendo á Xunta de Goberno Local, a súa resolución en forma de ESTIMACIÓN ou DESESTIMACIÓN, e no seu caso declarando a INADMISIÓN daquelas reclamacións presentadas respecto de contidos da ordenanza sobre as que non se formulou proposta algunha de modificación, e que non foron incluídas por iso, no citada expediente de modificación, e propoñer ao Pleno a aprobación da modificación.

Visto os datos anteriores e en relación ás reclamacións presentadas:

- 1) **Data 29/10/2024, (RE 202499900022471) PEREZ BARREIRO JOSE LUIS en representación da ASOCIACION AGROMURALLA**
- 2) **Data 6/11/2024, (RE 202499900022908) IGNACIO CANCELA, MARGARITA.**

Presentan reclamacións, todas elas, redactadas no mesmo xeito:

1) Solicitan que o Concello desista na intención de subir os tipos impositivos, para os bens inmobles de tipo urbano, rústico e de características especiais, ao non ir acompañada a suba dunha mellora ou implantación de servizos con cargo dos ditos fondos, moito menos no ámbito rural deste Concello.

Consideran que a suba ten meros fins recadatorios, mesmo semella que teñan fins confiscatorios, pois nas áreas de expansión do núcleo rural tradicional sen ordenación predeterminada van a pasar a tributar como solo rústico a solo urbano sen que nas mesmas se poida levar a cabo un aproveitamento lucrativo algún.

2) Que se promova polo Concello de Lugo, ante a Dirección Xeral do Catastro, dependente da Secretaría de Estado de Facenda, no que atinxe ás áreas de expansión do núcleo rural tradicional, que se modifique a normativa vixente, a fin de que non considere estes solos como de carácter urbano, dadas as especiais circunstancias que implican unha completa ausencia de aproveitamento edificatorio.

3) Con carácter subsidiario ao anterior, para o suposto de que, finalmente, se aplique o incremento impositivo proposto, solicitan que se aprobe unha bonificación na base imponible que compense e reverta o incremento fiscal que supón a aprobación da devandita ordenanza número 203.

Así mesmo, solicítase que polo Concello se promova a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal a fin de axustalo á lei do solo de Galicia vixente, que data do ano 2016, eliminando, deste xeito, as mentadas áreas de expansión de núcleo rural tradicional, que na citada lei non se contemplan.

CONSIDÉRASE QUE:

1) O tipo impositivo do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana proposto do 0,74% e do tipo do 0,77% para usos diferenciados, o tipo impositivo sobre bens inmobles de natureza rústica proposto do 0,50% e o tipo impositivo sobre bens inmobles de características especiais proposto do 1,30% aprobados inicialmente polo Pleno municipal, respecta os límites establecidos no artigo 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido Facendas Locais e os principios consagrados do artigos 133 e 142 da Constitución Española.

2) Tal como establecen o artigo 4 do Real decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora do catastro inmobiliario e o artigo 77.5 do Real decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o imposto sobre bens inmobles é un imposto de xestión compartida entre os Concellos e o Catastro Inmobiliario, correspóndendolle ao Catastro Inmobiliario a clasificación dos bens inmobles en urbanos, rústicos ou de características especiais así como a determinación do seu valor catastral. As actuacións de xestión censal

corresponden ao Ministerio de Facenda a través da Dirección Xeral do Catastro e a xestión e recadación do imposto corresponde aos Concellos.

Nestes intres o Catastro inmobiliario está tramitando un procedemento simplificado de valoración colectiva (PSSU) por contar o Concello con Planeamento vixente distinto ao que serviu de base para a realización de procedemento colectivo de carácter xeral.

Ao abeiro do artigo 13 da LOUG, o PXOM de Lugo delimita o ámbito dos nucleos rurais existentes e as áreas de expansión dos núcleos atendendo aos criterios e crecemento urbanístico previstos. Para as áreas de expansión o PXOUM diferencia entre as áreas de expansión con ordenación predeterminada e as áreas de expansión sen ordenación predeterminada.

A clasificación dos bens inmobles incluídos nas areas de expansión con ordenación predeterminada e sen ordenación predeterminada coma bens inmobles de natureza urbana ou bens inmobles de natureza rústica así coma a determinación do seu valor catastral é unha competencia do Catastro Inmobiliario.

3) De acordo co establecido no parágrafo sexto dos fundamentos xurídicos anterior, o que se somete a trámite a reclamacións non é a totalidade do texto da ordenanza, senón a aprobación inicial, tendo que versar o escrito de reclamacións necesariamente sobre o contido da aprobación inicial.

*Dado que as reclamacións formuladas no sentido de “que se aprobe unha bonificación na base impositiva que compense e reverta o incremento fiscal que supón a aprobación da devandita ordenanza número 203” conteñen reclamacións respecto a contidos da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles sobre os que non se formulou proposta algunha de modificación, non incluíndose, polo tanto, no expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, procede a **INADMISIÓN** da devandita reclamación.*

Ao marxe da procedencia da súa declaración de inadmisión, convén observar que a bonificación pretendida, tal e como está plantexada, non se axustaría á legalidade vixente, por non vir contemplada como beneficio fiscal nos artigos 73 e 74 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido Facendas Locais.

Os Concellos, en xeral, e o Concello de Lugo, en particular non poden regular os beneficios fiscais que desexan, nin poden fixar as súas condicións como consideren. Antes, o contrario, é a Lei a que, en todo caso, sinala os supostos nos que os concellos poden acometer a regulación dun determinado beneficio, así como os límites do seu establecemento.

3) Data 11/11/2024 (RE 202499900023185) os concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Ruminos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do **GRUPO MUNICIPAL POPULAR** presentan reclamacións do seguinte xeito:

Facendo referencia ao informe sobre a aprobación da conta xeral do exercicio 2023 de data 9/09/2024 emitido polo Interventor Municipal, do que se deduce un desequilibrio entre ingresos e gastos, solicitan que en lugar de incrementar as taxas e impostos municipais previstas nas ordenanzas municipais, se estableza un plan de contención de gastos que, prescindindo daqueles superfluos, permita a balanza de gastos e ingresos municipais, sen ter que incrementar a presión fiscal que xa están a soportar os lucenses.

4) Data 11/11/2024 (RE 202499900023186) os concelleiros asinantes, Elena Candia López, Cristina Sanz arias, Antonio Amejide Osorio, Javier Vázquez Prado, Flora Ruminos Rois, Silvia Colmenero Guzmán, Ramón M. Cabarcos Rodríguez, Agustín Gallego Vigo, Aurora Aida Goás Castro, Gustavo E. Díaz Rey, M.Mar Carballas Piñeiro e Damián Carballo Méndez en representación do **GRUPO MUNICIPAL POPULAR** presentan reclamacións no seguinte xeito:

Os terreos que estan cualificados coma zonas de expansión de núcleo rural tradicional (NRT) dentro do planeamento en vigor (PXOM do municipio de Lugo) pasarán a ser considerados de natureza urbana a efectos catastrais.

Derivado do anterior, estos terreos pasarán a ser considerados como suxeitos ao imposto sobre bens inmoables de natureza urbana. Que, tal circunstancia resulta notoriamente inxusta na medida en que todos eses terreos teñen, a efectos prácticos, moi escasa ou nula, capacidade de aproveitamento edificatorio, polo que se solicita:

1) O Concello inste a Dirección Xeral do Catastro, organismo dependente da Secretaría de Estado de Facenda, para que non considere con carácter urbano as áreas de expansión de núcleo rural tradicional, dadas as especiais circunstancias que implican unha case completa ausencia de aproveitamento edificatorio.

2) Que subsidiariamente, se aprobe unha bonificación do 90% para os terreos ubicados en áreas de expansión de núcleo rural tradicional no imposto que corresponde ao valor dos bens inmoables, de forma que se reverta a aparición dun feito imponible (antes inexistente) recollido na aprobación da ordenanza número 203, do imposto sobre bens inmoables.

CONSIDÉRASE QUE:

3) *O tipo impositivo do imposto sobre bens inmuebles de natureza urbana proposto do 0,74% e do tipo do 0,77% para usos diferenciados, o tipo impositivo sobre bens inmuebles de natureza rústica proposto do 0,50% e o tipo impositivo sobre bens inmuebles de características especiais proposto do 1,30% aprobados inicialmente polo Pleno municipal, respecta os límites establecidos no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido Facendas Locais e os principios consagrados do artigos 133 e 142 da Constitución Española.*

2) *Tal como establecen os artigos 4 do Real decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora do catastro inmobiliario eo artigo 77.5 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o imposto sobre bens inmuebles é un imposto de xestión compartida entre os Concellos e o Catastro Inmobiliario, correspóndendolle ao Catastro Inmobiliario a clasificación dos bens inmuebles en urbanos, rústicos ou de características especiais así como a determinación do seu valor catastral. As actuacións de xestión censal corresponden ao Ministerio de Facenda a través da Dirección Xeral do Catastro e a xestión e recadación do imposto corresponde aos Concellos.*

